

I CONCURSO DA FESTA DAS FLORES DO CAPM DE ARTEIXO



CONCURSO DA FESTA DAS FLORES

BASES DO CONCURSO:

Arteixo recupera este ano a tradicional Festa das Flores paralizada nos últimos anos a causa da pandemia da COVID.

Este ano a festa volve a celebrarse na súa data habitual de celebración: o último fin de semana do mes de maio, sábado 28 e domingo 29.


Dende o centro de atención as persoas maiores (CAPM) de Arteixo pertencente a rede de centros do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, realizamos ano a ano unha programación e actividades especiais para ditas datas. Entre as actividades está a decoración dun maio, que é o máis representativo desta festa.

Ano a ano melloramos na súa creación, e este ano queremos que todos vos desfrutedes tamén desta festa realizando nos vossos centros.

Este no 2022 queremos realizar unha exposición dos maíos no noso centro para que tanto as nosas persoas usuarias como as súas familias desfruten desta actividade tan significativa na nosa contorna.

As bases para o concurso son as seguintes:

- Lugar e prazo de presentación:
 - Cada centro deberá achegar o seu Maio antes do 10 de xuño de 2022 no CAPM de Arteixo, situado na R/Río Tambre, nº4, CP 15142; Arteixo (A Coruña).
 - Cada Maio debe vir identificado cun sobre no que se recolla: nome do/da dos/das autor/as, centro ou entidade do que se envía, poboación e enderezo de correo electrónico e nome da persoa de contacto do centro.
 - O maio deberá ter consistencia para poder expoñelo (que se manteña de pé/apoiado).
 - O maio poderá decorarse tanto con flores realizadas de papel ou materiais reciclados así como de flores naturais.
 - As proporcións do Maio (orientativas) deben ser:
 - 60cm de ancho por 60 cm de alto, podendo ser este sobre unha estrutura circular ou cadrada.



- Unha vez recibidos todos os maíos a concurso, o 13 de xuño enviarase mediante correo electrónico unha recopilación das obras realizadas a todos os centros participantes para que poidan realizar as súas votacións de maneira telemática.
 - As votacións para o concurso poderanse realizar:
 - Vía telemática dende o 13 ao 16 de xuño na conta de correo electrónico: cr.arteiro@crarteixo.com.

- As categorías polas que se deberán votar son: “O rei dos maios” e “O maio máis orixinal”, achegando un voto para cada un deles.
- O 17 de xuño procederase a recomtar os votos e nomear os gañadores de cada categoría, ese mesmo día en horario de 11 a 12 realizarase un SKYPE con todos os participantes para anunciar o gañador.

Entrega de premios: a seguinte semana a votación.

Para calquera dúbida sobre o concurso, estamos a vosa disposición no:

- Teléfono: 981 11 92 40
- Correo electrónico: cr.arteiro@crarteixo.com